



### *Avisos.*

\* Debido a que se entorpece a circulación dos peóns e peregrinos, recórdaselles os veciños a **prohibición de aparcarse enriba das beirarrúas.**

#### **\*PROGRAMA AURORA.**

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), en colaboración co Instituto da Muller e o Ministerio de Igualdade, organizan en Boimorto uns cursos nos que 25 mulleres desempregadas ou en situación de mellora de emprego, poderán participar para prepararse para a vida laboral a través dunha mellor cualificación. A actividade enmárcase dentro do programa AURORA. Os cursos estarán compostos de dúas partes diferenciadas: a primeira fase é de Motivación e de Formación Xeral non Regrada e a segunda é de Formación Xeral Regrada onde se impartirá un curso concreto da rama sociosanitaria.

As interesadas poderán poñerse en contacto coa organización dos mesmos no Concello (981 51 60 20) e preguntar por Patricia.

#### **\*CURSO DE MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE.**

Características: **monitor de actividades de tempo libre** (homologado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia) e **iniciación ás técnicas artísticas no tempo libre** (Título acreditativo).

No caso de haber 15 alumnos o prezo sería de 385,00€ e no caso de haber 25 alumnos 230,00€.

#### **\*CURSO DE GALEGO PARA A PREPARACIÓN DAS POBRAS DO CELGA.**

Este será un curso preparatorio para todas aquelas persoas interesadas en presentarse na próxima convocatoria de exames do Celga organizados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. O curso será realizado pola Técnica de Normalización Lingüística do Concello con experiencia en este tipo de cursos. Traballaremos a gramática nun primeiro lugar e despois

realizaremos textos como os que se fan nas probas.

#### **\*CURSO PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRUADO EN ESO.**

Para todas aquelas persoas interesadas en obter o título de graduado na ESA. Deberá haber un mínimo de 12 alumnos para poder realizar o curso. O curso realizarase dous días á semana dúas horas cada día. É semipresencial, isto implica levar traballo para a casa.

Prepararase ó alumno para a obtención do título de graduado na ESO. Isto suporá un custe de 20€ de matrícula e 40€ mensuais durante 8 meses. Este prezo inclúe material, clases e matrícula.

### *Emprego.*

**\*Nos vindeiros días o Concello vai convocar unha praza de Conductor de Autocar, os interesados estean atentos ós Bandos e á páxina web.**

### *Servizos Sociais.*

A partir do mes de outubro, para calquera consulta nos Servizos Sociais deberán pedir cita chamando ó 981 51 60 75 ou no 981 51 65 20 (Centro de Maiores).

Infórmase ademais que os horarios de atención serán os que seguen:

- De 9:00h. a 13:30h. no Centro Social de Maiores
- De 13:45h. a 15:00h. nas oficinas do Concello.

#### **CENTRO SOCIAL MUNICIPAL DE MAIORES**

Xa comezaron as actividades no Centro Social Municipal de Maiores. As actividades que se van a realizar son as seguintes: Escola de maiores, Ximnasia, Informática, Obradoiro de memoria, Teatro e Grupo de traballo (de recollida dos saberes dos nosos maiores). Animamos a todos os maiores do concello a participar nas actividades programadas. Para máis información poden chamar ó 981 51 65 20 ou acercarse ata o Centro en horario de 9:00 h a 13:30 h.

## Cultura e Deportes

### \*Aula de Informática / Biblioteca.

Ponse en coñecemento dos veciños que a Aula de Informática / Biblioteca abre de novo as súas portas no local sito detrás da oficina de Caixa Galicia. As actividades comezan o 10 de outubro

*\*Luns e Martes:* de 16:00 a 19:00. Clases de Apoio e acceso libre ós ordenadores.

*\*Mércores:* de 16:30 a 18:30 Curso de Mecanografía para nen@s. De 18:30 a 20:00 acceso libre.

*\*Xoves:* de 16:30 a 18:30, Curso de iniciación á informática. De 18:30 a 20:00 acceso libre.

### \*ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Nestas actividades deberá haber un mínimo de 8 inscritos para poder realizalas. Para máis información ou para anotarse pasar polas oficinas do Concello ou ben chamar ó 981 51 60 20.

#### *-Escolas deportivas municipais:*

*\*Fútbol Sala.* Rapaces/zas de 6-15 anos.

*\*Bádminton.* Rapaces/zas de 6-15 anos.

*\*Tiro con Arco.* A partir de 6 anos

*\*Atletismo.* Rapaces/zas de 6-11 anos

*-Patinaxe e Aprendemos a patinar.* Para os de primaria (6 - 11 anos)

*-Multideporte.* Rapaces/zas de 12 a 15 anos

*-Iniciación á informática.* Rapaces/zas de 6-15 anos

*-Curso Avanzado de informática.* Rapaces /zas de 5 a 16 anos no Colexio.

*-Curso de mecanografía.* Para nenos/as de 5 ata 16 anos no Colexio

*-Obradoiro de pintura e debuxo.* Para nenos e nenas de entre 6 anos ata 16 anos.

*-Actividades polas parroquias.* De 6 a 16 anos. Debido a que non se deu formado grupo por parroquia, **trasladamos estas actividades á biblioteca municipal.** Todos/as aqueles nenos/as que queiran vir deberán apuntarse no concello. Estas actividades levaranse a cabo os luns e martes de 4 a 6 da tarde. Poderán facer os deberes, utilizar os ordenadores da biblioteca, xogos de mesa, leremos contos... estas actividades están abertas a todos os que queiran participar.

*-Creación e produción audiovisual.* Organizada en colaboración con DezTV

### \*DOMINGOS DE CINE NA CASA DA CULTURA.

Actividade para todas as idades pero pensada para os pequenos da casa. Realizarase o terceiro domingo de mes na Casa da Cultura de Boimorto ás 17:30 horas. Esta actividade comezará o domingo 16 de outubro.

Nos domingos de cine proxectarase na casa da cultura unha película apta para todas as idades.

### \*SAÍDAS A PISCINA DE CLIMATIZADA DE ARZÚA.

Para todas as idades. A saída realizarase un día á semana á piscina climatizada de Arzúa. Dará comezo no mes de novembro.

### \*EXCURSIÓNS A CENTROS COMERCIAIS.

Para todas as idades. Os menores deberán ir acompañados dunha persoa adulta, ou ben, os pais asinar unha autorización onde se poña de manifesto que o Concello non se responsabiliza en ningún momento dos rapaces. Ademais insistimos na hora de saída e de regreso, non se esperará por ninguén. Máximo de 25 prazas, no caso de haber lista de espera na seguinte saída terán preferencia.

As saídas realizaranse os sábados e darán comezo no mes de novembro.

### \*HORARIO CURSOS OUTONO★:

Curso iniciación a informática Centro de Maiores:

Todos os luns de 10:00 a 12:00 horas.

Curso iniciación a informática e Internet Adultos:

Todos os venres na Aula de Informática de 21:30 a 23:00 horas. Comeza o 7 de outubro.

Curso Risoterapia: Os martes de 21:00 a 22:30 h. no Centro de Maiores. Comeza o 4 de outubro.

Curso Pintura - Nenos: Todos os sábados de 16:00 a 17:30 h. na biblioteca. Comeza o 8 de outubro.

Curso Pintura - Adultos: Os sábados de 18:00 a 20:00 na Biblioteca. Comeza o 8 de outubro.

**Aviso a todas as persoas que se anotaron aos cursos, quedan prazas en algúns deles. Os interesados chamen ao 981516020.**

### \*Outono Cultural na Casa da Cultura.

- **Contacontos para adultos**, do actor da TVG **Santi Prego**. O 8 de outubro ás 9 da noite.

- **Obra de Teatro "Se o sei... non volvo a casd"** a cargo do **Grupo de Teatro Asociación Cultural Charamela de Melide**. O 22 de setembro ás 9 da noite.